

OS ESPIGADORES E A ESPIGADORA



Tít. orixinal: *Les glaneurs et la glaneuse*

Ano: 2000

Duración: 82 min.

País: Francia

Dirección: Agnès Varda

Guión: Agnès Varda

Música: Joanna Bruzdowicz, Isabelle Olivier, Agnès Bredel, Richard Klugman

Fotografía: Stéphane Krausz, Didier Doussin, Pascal Sautelet, Didier Rouget, Agnès Varda

Reparto: documental

Productora: Agnès Varda

Xénero: documental

Para tódolos públicos

Os espigadores, recolectores dos nosos estragos

“Os espigadores e a espigadora” é un documental da veterana directora Agnès Varda. Nel, quérenos facer pensar na sociedade de consumo na que vivimos, de usa e tirar e do estrago que facemos a diario. O que nós desperdiciamos é recollido por outras persoas; algúns fano pola súa extrema pobreza e outros porque cren que é inmoral tirar tanta cantidade de comida e obxectos cando miles de seres humanos morren de fame en todo o mundo.

OS ESPIGADORES E A ESPIGADORA por CARMEN CARDOSO PARRA

Espigadores: “Díse da persoa que recolle as espigas que os segadores deixaron no rastroxo”. Existen dende fai séculos, e traballan nos campos despois da sega, agochados, recollendo as espigas, é dicir, as flores das plantas chamadas gramíneas (por exemplo, os cereais).

Normalmente este traballo facíano campesiñas humildes nas grandes plantacións. Hoxe os espigadores tamén existen, anque xa non só recollen as espigas que quedan nas colleitas. Son espigadores de cidade, que buscan e se quedan o que outros desperdician. A directora francesa Agnès Varda recorreu media Francia cunha cámara na man, para realizar un documental que faga pensar a máis dun sobre esta práctica.



A postura do espigadores é a mesma, non variou co tempo. Antes agochábanse no campo, e agora entre o lixo. Antes recollían espigas e agora mazás, patacas, carne, reloxos, televisores, xoguetes... Neste mundo tan consumista tódolos días se estraga.

A primeira das personaxes que aparece no documental é un ex camioneiro en paro. Traballaba demasiadas horas diarias e non respectaba as quendas, así que nun control o pillaron e a súa empresa o despediu. A súa muller foise da casa cos seus fillos e quedou na indixencia. Hoxe vive nunha caravana e aliméntase do que outros tiran por calquera causa. Unha pataca con

forma de corazón que non se vende nos supermercados, unha mazá demasiado escura, un iogur do que pasa un día de caducidade...

Pero non todos son como el. Algúns son traballadores, que por cuestións éticas dedícanse a recoller lixo. “A xente non se da de conta de que non podemos seguir malgastando desta forma. Hai que reciclar para respectar o medio ambiente. Eu adícome a buscar o que está novo e aínda pode ofrecer servizo”.

Agnès falou con eles e gravounos para o documental. Outros espigan porque son artistas e cos obxectos elaboran obras de arte. “Son como agasallos que están na rúa, como se sempre fose Nadal”, di un deles.

A veces a sociedade non os comprende, pero eles tampouco entenden ós que consumen sen sentido. E menos aínda ás grandes empresas que non deixan recoller os alimentos ou os obxectos que desperdician. Agnès tamén os gravou cunha certa incompreensión. ¿Por qué os pobres non poden recoller o que vós tirades? “Porque é ilegal”, responden. Pero mentres toneladas de comida apodrecen, outros morren de fame no mundo.

Agnès Varda: a busca dunha inconformista



Esta película foi tecida con varios fíos – o das emocións que sentín cando me enfrontei coa pobreza, o das posibilidades ofrecidas polas pequenas cámaras dixitais e o meu pelo gris-. Así define Agnès Varda o seu documental.

A directora tamén quería expresar o seu amor á pintura. “Tiña que unir as pezas e facer que tiveran senso na película, tentando non traizoar ás cuestións sociais ás que se refire: os desperdicios e o lixo”.

Ó longo da súa carreira esta directora nada en 1928 sorprendeu con algúns dos seus títulos. Dende o seu primeiro traballo, *A pointe courte*, que realizou sen ter ningunha información nin coñecemento técnico algún sobre películas nin obxectivos e que sorprendeu a moitos, pasaron xa 48 anos, nos que gañou varios premios, entre eles o Oso do Festival de Berlín e o León de Ouro do de Venecia.

Ó longo da colleita de trigo no verán de 1999 viu na televisión a un labrego que explicaba que si a súa colleitadora non estaba ben axustada perdería moitos grans. Entón lembrouse de que facía moitos anos existían unhas persoas chamadas espigadoras, e se dispuxo a gravar un documental “de camiño errante”, como ela o define, na busca desas persoas.

“Arranxeimas para achegarme a eles, para sacarles fóra do seu anonimato. Descubrín a súa xenerosidade. Hai moitos xeitos de ser pobres, mantendo o senso común, o sentido de cólera ou de humor”.